Os catálogos de fundición artística. O caso de Alemparte na Estrada

Carmela Sánchez Arines
melarins@gmail.com
Fotografías: Marga Fraga

Resumo. En Europa, a existencia de catálogos de arte nas fundicións de ferro e bronce vai parella ao do nacemento das propias factorías. Porén, no territorio galego, malia a tradición fabril que houbo, non se coñecen moitos exemplos. Un deles é o da Fundición Alemparte, unha das máis importantes da provincia de Pontevedra entre finais do XIX e mediados do XX. Situada no Carril, concello independente ata 1913, o seu traballo espallouse por boa parte da península. Na Estrada, podemos ver a súa pegada na arquitectura, principalmente en balcóns, varandas e baixantes.

Abstract. In Europe art catalogues in iron and bronze foundries go hand in hand with the factories themselves. However, in Galicia, in spite of the manufacturing tradition, there is no many examples. One of them is the Alemparte Foundry, one of the most important factories in Pontevedra between the late 19th and the mid-20th century. It was located in Carril, an independent city council until 1913, and its work spread throughout much of the peninsula. In A Estrada, we can see its architectural influence, mainly on balconies, banisters and downpipes.

Introdución

Na pasada edición da revista *A Estrada Miscelánea Histórica e Cultural* (núm. 22, 2019) dediqueille un artigo ao mestre de obras Avelino Camba Mato (1895-1979). Estudando a documentación que conserva a súa familia, localicei varias follas do catálogo da Fundición Alemparte coa que adoitaba traballar. Un material inédito que permite facer un seguimento dos traballos de fundición artística na vila estradense a través de exemplos físicos.

Malia a coincidencia dalgúns dos modelos, hai que ter en conta que estes non eran exclusivos desa factoría do Carril, senón que se fundían en moitas outras fábricas, como na viguesa de Sanjurjo Badía ou na pontevedresa de José Pazó. Por iso, só a existencia de fontes históricas, ben sexa escritas, gráficas, materiais ou orais, permitirían verificar ao 100% a súa autoría.

Os catálogos de fundición artística

Vistas da fundición Val d'Osne. http://museologeandoenlaweb.blogspot.com/

En 1830 instalouse no departamento francés do Alto Marne a fundición Val d'Osne[1], considerada unha das máis importantes de Europa do século XIX e de boa parte do XX. A produción en serie de obxectos de ferro trouxo consigo a existencia de catálogos ilustrados para comercializar os produtos. Os mostrarios parisienses convertéronse en grandes referentes a nivel mundial, chegando ás nosas terras. Unha evidencia témola na cidade de Pontevedra, onde en 1887 mercaron nesa metalurxia francesa unha fonte de catro canos. Unha vez chegada ás nosas terras, e co obxectivo de abaratar custes, fundiron varias réplicas[2] nos talleres vigueses de Sanjurjo Badía.

Xunto cos catálogos da fundición Val d'Osne e os de Durenne[3], amplamente coñecidos no sector, foi habitual a publicidade en prensa e en revistas especializadas como *El Monitor*, *Revista del Cerrajero Moderno* ou *El Cerrajero Moderno*, de José Abeilhé; así como a participación en exposicións de mostras.

Os anuncios exerceron unha grande influencia nas fundicións galegas en dous sentidos. Por un banda, na copia de modelos franceses e cataláns e, por outra, na realización dos seus propios catálogos ilustrados, principalmente da parte de fundición artística.

1 Os primeiros traballos da Fundición Val d'Osne, fundada polo enxeñeiro Jean-Pierre-Victor André (1790-1851), datan de 1836. Despois de 1855 apareceron asinados como Barbezat & C. Vald'Osne, por pasar a mans de Gustave Barbezat. Finalmente, foron coñecidos como *Fonderies d'Art du val d'Osne*.

2 Catro delas aínda se poden ver nas prazas do casco antigo de Pontevedra.

3 Antoine Durenne (1822-1895) foi un empresario francés, membro fundador da Escola Nacional de Artes Decorativas, propietario de varias fundicións de arte.

Portadas e follas de diversos catálogos e revistas.



FUNDICION DE HIERRO COLADO DE LAS REALES FABRICAS DE SARGADELOS. (Galicia)

Potes comunes en Galicia y otras Provincias.

Números.	4	5	6	7½	10	12	15	18	24	30	36	40	44	Precio de la Carrada reales.
Capacidad en Cuartillos castl.	98	60	44	38	23	20	17	14	11	9	7	5	2½	
Sellos.	3¾	3	2½	2	1¾	1½	1	·3/6	·3/8	·1/2	·5/12	·3/8	·15/44	

Las Potes se venden por Carrada. La Carrada comprende tantos potes como unidades el número á que pertenece. La Carrada tiene por formula 15 sellos.

Folla de potes do catálogo de Sargadelos. Museo de Lugo.



FUNDICION DE HIERRO COLADO DE LAS REALES FABRICAS DE SARGADELOS. (Galicia)

Balcones.

Nº 1. Nº 2. Nº 3.

Balaustres.

Precios.

Balcon	Nº 1	montado con cestones y pasamano	110 Rs	quintal
〃	〃 2	〃	〃	〃
〃	〃 3	〃	〃	125 Rs 〃
〃	〃	〃	〃	150 Rs 〃
Balaustres	Modelo terminado como el anterior			95 Rs 〃
〃	〃	grecado ó adornado	110 á	150 Rs 〃

según el peso y dificultad del modelo

Folla de balcóns de Sargadelos. Museo de Lugo.

En Galicia, o catálogo máis antigo do que hai constancia é o da Fundición Sargadelos[4], conservado no Museo Provincial de Lugo. Está composto de varias páxinas con diferentes tipos de potes, caldeiros, cazarolas, tixolas, comedeiros, cociñas, caloríferos, paraugueiros, pranchas, roldanas, balcóns, balaústres, bombas e tubaxes. Do resto de metalurxias, ata a data, só hai publicadas dúas follas da Fundición Malingre de Ourense[5]. Por iso, a continuación presento os documentos de Alemparte que chegaron ás miñas mans.

A fundición Alemparte

A Fundición Alemparte do Carril recibe o nome do seu creador, Antonio Alemparte Fernández[6]. Natural do concello lugués de Cervo, Antonio chegou á ría arousá cos seus proxenitores a principios da década dos anos 60 do século XIX, despois do peche de Sargadelos onde traballaba o pai. Por aquel entón, a pequena vila mariñeira da desembocadura do río Ulla comezaba a coller pulo debido ao seu porto, e Antonio empregouse na fábrica de fundición que alí se establecera en 1848.

En 1862 casou con Esclavitud Vieites Castromán, mercando ao pouco tempo un soar na rúa Aduana para construír unha casa. Marchou logo traballar fóra do Carril, probablemente a Vigo e a Pontevedra. Nesta última cidade é posible que tivera un negocio propio ata 1875. Deste ano data un anuncio publicado no diario de noticias *El Porvenir*[7] no que se informa do seguinte:

> AL PÚBLICO. Antonio Alemparte, dueño de la fundición de hierro establecida en esta capital, tiene el honor de participar á sus favorecedores que apesar de trasladar su establecimiento á Carril, servirá todos los trabajos que se le encarguen con la misma exactitud que antes. Se reciben encargos en el comercio de D. Manuel Viaño.

4 As industrias de fundición Sargadelos (Cervo) foron creadas por Antonio Raimundo Ibañez (1749-1809), e funcionaron entre 1794 e 1875.

5 En González Pérez, Clodio: «*As varandas de ferro dos corredores e balcóns do Ribeiro*». Deputación de Ourense, 2008.

6 Antonio Gregorio Alemparte Fernández naceu na parroquia de San Román de Vilaestrofe o 9 de setembro de 1842. Era fillo de Antonia Fernández Calaza e Agustín Alemparte Pita da Veiga. [En Vázquez Vaamonde, María del Carmen, p. 487].

7 *El Porvenir. Diario de Noticias e Intereses Generales* foi un xornal editado en Pontevedra entre o 2 de febreiro e o 28 de setembro de 1875.

Por outra banda, nunha reportaxe[8] publicada en 1924 no xornal *La Voz de Galicia* sobre as festas de Vilagarcía, remontan a fundación do negocio a 60 anos antes, polo que puido estar establecido en Pontevedra desde 1864. En 1875 trasladaríase ao Carril, onde acaba de adquirir un terreo dedicado a campo[9] no barrio de Santo André no que acabou edificando a fábrica.

Como sinalamos ao comezo, no Carril existía outra fundición, herdeira da antiga fábrica de Sargadelos, na que traballara Antonio de mozo. Porén, o feito de haber dúas instalacións fabrís coa mesma dedicación non impediu o gran desenvolvemento que tivo a de Alemparte ata mediados do século XX. Aínda así, nos inicios houbo algunha relación tensa entre ambas as empresas, tal e como se pode deducir de dous anuncios publicados no xornal *Gaceta de Galicia. Diario de Santiago*. No primeiro, aparecido o 29 de xullo de 1881, Antonio Alemparte expón o seguinte:

> ACLARACIÓN AL COMERCIO. Sr. Director de la GACETA DE GALICIA. Carril 28 de Julio de 1881. Muy Sr. Mio: En la plaza de Cervantes de esa ciudad10 he visto un depósito de objetos de hierro fundido bajo el nombre de «Sucursal de la Fábrica de fundición de Carril. Como en este puerto hay además de la Fábrica de mi propiedad otra cuyos dueños desconozco y como en el rótulo de dicha Sucursal no dice de cual sea, cumple á mi deber para conocimiento del Comercio y del público en general manifestar que ese depósito no pertenece á mi Fábrica; ignorando si es de la otra. Soy a V. Affmo. S. S. q. b. s. m. ANTONIO ALEMPARTE.

Aos dous días, aparece a seguinte contestación:

> ACLARACIÓN AL COMERCIO. Sr. Director de la GACETA DE GALICIA. Muy Sr. Nuestro: Damos las gracias al Señor Alemparte por la aclaración que aparece en el número 735 de su apreciable periódico, salvando con ella la omisión en que involuntariamente habíamos incurrido. Efectivamente, la sucursal establecida en la Plaza de Cervantes, no lo es de la «NUEVA fábrica de fundición por D. Antonio Alemparte» recientemente establecida, sino de la FÁBRICA DE FUNDICIÓN DE CARRIL, establecida en el año 1848, que debe conocer bien el Señor Alemparte por haber aprendido prácticamente en ella la profesión á que hoy se dedica: y por lo que pueda importar rogamos á nuestra numerosa clientela se fije en esta aclaracion para no incurrir en errores de direccion. Somos de V. affmo. S. S. q. b. s. m. propietarios de la fábrica de fundición de Carril. PP. J. C. Zurbano. Carril 30 de Julio de 1881.

8 *La Voz de Galicia*, 15 de agosto de 1924.
9 En Vázquez Vaamonde, María del Carmen, p. 488.
10 Refírese a Santiago de Compostela.

FUNDICIÓN DE HIERRO Y BRONCE Y TALLER MECÁNICO
DE ANTONIO ALEMPARTE,
CARRIL.

En este establecimiento, cuyo crédito en menos de ocho años se ha remontado á la altura de los primeros de su clase, tanto por sus poderosas máquinas cuanto por los inteligentes artífices con que cuenta; se construyen toda clase de balcones, cañerias, cocinas de hierro, piezas para máquinas y todo cuanto concierne á esta bastísima industria, siendo sus obras siempre perfectas y sus precios los mas arreglados.

Anuncio publicado en *La Opinión. Periódico de intereses generales, noticias y anuncios* de Pontevedra o 26 de xullo de 1884.

A pesar deste malentendido, existiron tamén vínculos empresariais. En 1885, Antonio Alemparte asinou un convenio de cooperación co director da outra fundición, un enxeñeiro mecánico de orixe inglesa coñecido como Mr. Halpin. No pacto establecían as condicións para a venda de potes, potas e filloeiras coa marca *Potes Carril*, independentemente de quen os producira[11]. Dito acordo renovouse aos tres anos.

A fundición contaba nesta época cun cento de operarios no cadro de persoal[12], mellorando as instalacións coa adquisición de novas máquinas en Barcelona e dotándoa de alumeado eléctrico. Así mesmo, xa aparece recollida no *Anuario del comercio, de la industria, de la magistratura y de la administración*[13]. E así a describía[14] o médico e escritor noiés Lisardo Barreiro, afincado en Vilagarcía, nunha reportaxe sobre a vila e o porto carrileño:

> Una de las fábricas que he visitado es la del señor Alemparte; está situada en uno de los lados de la carretera que hay entre la estación y Carril.
> En dicha fábrica que se sostiene á la altura de las mejores de Bilbao, se hacen trabajos de fundicion y mecánicos, en bronce y hierro, capaces de competir con las mejores obras, de esta clase, que se ejecutan en el extranjero. Hé visto una máquina de vapor que tiene una fuerza de seis caballos, perfectamente re-

11 En Vázquez Vaamonde, María del Carmen, p. 474.

12 En *Crónica de Pontevedra. Diario político*, ano 1, nº 193 de 22 de decembro de 1886.

13 Bailly-Bailliere, 1886, núm. 41. En 1911, é a única fundición do Carril que se recolle no Anuario Riera.

14 *La Voz de Galicia*, 15 de abril de 1885.





Imaxes da sección de máquinas publicadas o 3/9/1908 nunha reportaxe en *La Actualidad* de Barcelona. BNE.

> matada y, cuya caldera es de bruñido acero: dicha máquina será para mover un vaporcito de recreo que durante el verano estará mediante módica retribución al servicio de la colonia veraniega que por aquí siente sus reales. De la misma fábrica se están embarcando actualmente para Pontevedra, mil tubos de hierro, cada uno de los cuales tiene más de dos metros de largo, y que han de servir para la cañeria que en dicha capital se está colocando para la traída y distribución de aguas.

Como moitos outros empresarios[15], Antonio Alemparte foi un innovador, construíndo unha lancha de vapor, tal e como extraemos da nova anterior. E tamén chegou a ter un papel moi activo na vida

15 Antonio Sanjurjo Badía, casado na Mota (Riobó) en 1875 con Concepción Otero García, inventou a finais do século XIX unha «boia submarina» para defender Vigo de posibles ataques de frotas estadounidense en plena Guerra de Cuba. Hoxe consérvase en Vigo, no Museo do Mar de Galicia. Tamén José Pazó, da Fundición Pazó de Pontevedra, fabricou o seu propio velocípedo cando traballado como empregado de Sanjurjo, ás agachadas do seu xefe; e o seu fillo Diego Pazó Montes patentou varios deseños entre os que destaca unha batea para a cría de moluscos.

do Carril, sendo elixido en 1886 contador da recentemente creada Cámara de Comercio, ademais de tenente de alcalde do concello. Porén, a morte sorprendeuno aos 48 anos, falecendo ás sete da mañá do 18 de novembro de 1890.

Tralo seu falecemento, a fábrica pasou a estar dirixida polo seu cuñado Ramón Vieites Castromán. Pouco despois, en 1899, a viúva de Antonio, Esclavitud, retiroulle o poder ao seu irmán, quedando separado das funcións que exercía e deixando a xestión en mans do seu fillo José. No caso de ausencia, outro dos seus descendentes, Camilo, sería o encargado.

ANTIGUOS TALLERES Y FÁBRICA DE FUNDICION DE CARRIL
ESTABLECIDA EN 1848
BAJO LA DIRECCION DE LOS INGENIEROS
FORREST Y SEWELL

Constructores de puentes de hierro, pontones, muelles de hierro y toda clase de material para dragas y obras de puerto. Máquinas de vapor, hidráulicas y de aire comprimido. Calderas multitubulares y de otras clases; piezas forjadas de hierro de todas dimensiones, gruas, cabrestantes, bombas de irrigacion, centrífugas, de vapor y de mano, hechas de hierro ó de otros metales. Ruedas de engranaje de hierro fundido ó acero, cojinetes, poleas diferenciales y ordinarias. Básculas para wagones, carros y otros efectos. Tubos para agua, gas y aire comprimido. Turbinas de hierro dulce ó fundido y molinos. Cocinas económicas y estufas de todas clases y tamaños. Arados ingleses y americanos y demás objetos pertenecientes á la agricultura. Artículos de cobre y bronce en tubos y demás objetos. Prensas para aceite, vino y otros efectos. Copiadores de cartas, tornos, máquinas de taladrar y cepillar hierro y madera. Martillos de vapor. Postes kilométricos y de amarrar buques; columnas y pilares. Tinglados, balcones y herrería de toda clase. Herramientas de carpintería, fragua y ajuste. Limas, azadones, picachones, etc., etc. Algibes para depósitos de agua. Máquinas para minas, para sacar aguas de pozos y lavar ropa. Gatos para levantar pesos. Potes y potas gallegas. Aparatos completos para baños, invernaderos ó conservatorios de hierro para jardines. Máquinas para obras de gas y de agua, para ferro-carriles, tranvías, coches y wagones. Máquinas, ruedas, pelons, cables y cadenas sin fin para minas.

Se hacen valanciones de obras de ferro-carriles, minas, tranvías de coche y tranvías aéreos y presupuestos de toda clase de obras públicas.

También se hacen reparaciones en buques, calderas y todo lo que se relacione con esta industria marítima.

A la vez son agentes para la introduccion de toda clase de maquinaria del extranjero, para ferro-carriles, tranvías, fábricas de gas y agua. Cadenas, áncores, tubos y ruedas de acero y de hierro, Luz de Albo, carbon y luz eléctrica, Albañiles, ladrillos, cimientos, etc., etc.

NOTA. A fin de evitar equivocaciones, advertimos que la denominacion que antes llevaba esta fábrica de HALPIN Y COMPAÑIA, ha dejado de existir. 133

Anuncio da Fundición San Jaime en época de Forrest e Sewell. *El Regional. Diario de Lugo*, 8/8/1886

Na última década do século XIX traballou na fundición o enxeñeiro británico William Halpin, que anos antes estivera de encargado na factoría da competencia. Así se recolle a súa chegada nunha nova do ano 1894[16]:

> Para dar mayor impulso a la industria á que se dedica este establecimiento fabril, acaba de llegar al mismo el competente ingeniero mecánico Geo W. Halpín, tan conocido de la numerosa clientela de aquél por su pericia.

Este feito sinala a importancia que seguía adquirindo a factoría de Alemparte, así como a inestabilidade da outra fábrica, coñecida desde 1894 como *San Jaime*[17], con continuos cambios na dirección desde os seus inicios. Por iso, en 1900, José Alemparte arrendoulles as instalacións. Un alugamento que se renovou aos dous anos e que rematou en 1907 coa compra por parte de Esclavitud Vieites. Deste xeito, Esclavitud converteuse na propietaria das dúas fundicións do Carril.

16 *La Voz de Galicia*, 8 de maio de 1894.

17 Nesta época atopábase á fronte o enxeñeiro William Livesey, sendo xefe de talleres Baldomero Corral. *En El Diario de Galicia. Periódico Católico e Independiente*, ano IV, núm. 1033 de 6 de outubro de 1894.

Vista dunha parte dos «grandes» talleres en 1908. *La Actualidad* de Barcelona, 3-9-1908. BNE.

Falecido José, o seu irmán Camilo quedou como xerente da empresa, chegando a ter a máis de 150 traballadores. Tamén comezou a diversificar o negocio, pois ademais da fundición e do taller mecánico, en 1911 tiñan unha casa de baños e en 1919 solicitou autorización para establecer un estaleiro con carácter temporal.

A finais dos anos 20, os fillos e fillas de Antonio Alemparte e Esclavitud Vieites repartiron a herdanza, correspondéndolle a Camilo a antiga fundición San Jaime e ao resto de irmás e irmáns a fábrica

Taller de axuste en 1909. *Vida Gallega*, setembro de 1909.

primixenia do barrio de Santo André[18]. Nos anos 40 e 50, alugouse a outros empresarios, figurando entre eles Caeiro, de Santiago, tomando de novo as redas ata 1960 Antonia Alemparte, ano no que se produciu o peche definitivo.

Talleres de Fundición y Construcciones mecánicas
(LOS MÁS ANTIGUOS DE GALICIA)
A. ALEMPARTE
CARRIL
Director gerente: CAMILO ALEMPARTE (hijo)

Armaduras.
Cubertizos.
Columnas.
Balaustradas.
Bombas.
Calderería en general.
Escaleras rectas y espirales
Cocinas tipo Bilbao.
Idem tipo Francés.
Termosifones.
Desgranadoras de maiz.
Prensas para uva.
Trituradoras de manzana.
Galerías.
Kioskos.

Aparatos de sierra.
Balcones.
Verjas fundidas y forjadas.
Puertas.
Turbinas.
Ménsulas.
Tubería.
Llaves de paso.
Bocas de riego.
Jarrones.
Jardineras.
Emparrados.
Transmisiones.—Poleas.
Depósitos para agua.
Ruedas dentadas.

Molinos harineros completos por engranajes y polea
Ruedas hidráulicas.
Rodezznos diversos sistemas.
Instalaciones hidroterápicas
Ruedas para carretillas.
Guarda caños para bajadas de aguas.
Planchas de rejilla y lisas «hogar».
Pies para banco de jardín.
Respaldos para bancos públicos.
Cojinetes de engrase automático ordinario;

=y todo lo concerniente al ramo de fundición en hierro, bronce y otros metales=
SOLDADURA AUTÓGENA Y ELÉCTRICA
Especialidad con «marcas registradas» de marmitas, potes y potas y cocinas económicas tipo moderno de reciente construcción.
PROYECTOS Y PRESUPUESTOS GRATIS
Para encargos: Bar Café Argentino de M. Nouche
EN BREVE SUCURSAL EN SANTIAGO

Anuncio publicado en *El Compostelano* o 9/4/1927.

Produción e traballos

Como talleres de fundición e construcións mecánicas, produciron múltiples pezas e aparellos de ferro e de bronce. No campo podían verse arados, debulladoras, prensas e lagares para o viño, rodicios e muíños fariñeiros ou mesmo bombas hidráulicas co seu selo; nas industrias, caldeiras de vapor; nas aldeas, nas vilas ou nas cidades tapas de rexistro, canalizacións, xardineiras, bancos, mesas e fontes; algunha bitas aínda sobreviven hoxe en portos como o do Carril; e en moitos cemiterios destacan as portas dos panteóns e as cruces e os enreixados das sepulturas.

Pero a fundición Alemparte tamén entrou en moitas casas con estufas, cociñas económicas, filloeiras, caldeiros, potas e potes. O uso destes últimos xeneralizouse na nosa terra de tal xeito co paso dos anos que se converteron nun recipiente básico nas lareiras, ata o punto de levar o sobrenome de pote «galego».

En Galicia, os primeiros potes de ferro colado fabricáronse na Real Fábrica de Sargadelos. No permiso que solicitou o seu promotor, Antonio Raimundo Ibáñez, para instalar a fundición en Cervo, falaba dunha «fábrica de ollas de hierro llamadas vulgarmente potes a imitación de las que se traen de Burdeos». Tralo seu peche, o resto de fábricas que naceron foron tomando o relevo. Ata o punto de

18 As paredes desta construción aínda se conservan en pé a carón do paseo marítimo do Carril.

Exemplos de baixantes fundidas no Carril.

asinar pactos entre elas para non competir, como xa explicamos con anterioridade en relación co selo *Potes de Carril*.

A produción de Alemparte tamén se levou á arquitectura, tanto en elementos estruturais (quioscos, vigas, columnas...); funcionais, que son os que veremos no catálogo; como decorativos (xarróns, lámpadas, plafóns...).

Por último, queremos facer unha mención especial ás baixantes[19], pois moitas das que se ven na Estrada son desta factoría, conservando o selo A. A. CARRIL ou ALEMPARTE CARRIL. Presentan unha sinxela decoración a base de motivos xeométricos ou vexetais, algúns deles dispostos en espiral.

Entre algunhas das obras coñecidas que realizaron atopamos a da tubaxe do depósito de auga de Pontevedra, proxectado en 1886 por Alejandro Rodríguez-Sesmero[20]; o quiosco da alameda de Santiago de Compostela, construído en 1896; unha galería para a finca do

19 Condutos verticais que cobren as tubaxes polas que baixan as augas pluviais dos tellados.

20 Este depósito de auga, situado a carón do cemiterio pontevedrés de San Amaro, é un dos máis antigos de Galicia aínda en funcionamento.

Real Fabrica de Fundición de Hierro y Bronce

TALLERES DE CONSTRUCCIÓN Y REPARACIÓN DE MAQUINARIAS.

Premiada en varias Exposiciones con medalla de oro y plata y mención honorífica

Antonio Alemparte.----Carril

DIRECTOR: J. Alemparte

Potes, potas, calderos, filloeras, cocinas económicas, estufas, bombas de varios sistemas, jarrones, jardiueras, pies de banco de varias formas, balcones, verjas de hierro dulce y fundido, columnas, galerías, kioscos, maquinarias, molinos harineros, tuberías para conducción de aguas, máquinas y calderas de vapor, depósitos para agua, desgranaderos de maiz, prensas para uva, idem de copiar y todo lo concerniente al ramo de fabricación en hierro colado, bronces y otros metales.

Se facilitan planos y presupuestos de construcciones especiales. Esta casa también se encarga de toda clase de instalaciones para lo cual cuenta con personas competentísimas.

Representación de varias casas extranjeras

Anuncio publicado en *El Combate. Semanario republicano* o 23/4/1899 no que se recollen algúns dos premios.

marqués de Riestra na Caeira (Poio); columnas que «llaman poderosamente la atención tanto por su mérito artístico como por su peso que es de 1500 kilos cada unha»[21] na Escola de Veterinaria de Compostela, actual biblioteca do Parlamento de Galicia; columnas da azucreira de Portas; os corredores de ferro e cristal que unen o edificio central cos pavillóns laterais do antigo colexio de *xordo-mudos* de Santiago, hoxe sede administrativa da Xunta de Galicia en San Caetano; ou o marco da lápida ao Batallón Literario na praza da Quintana.

Os traballos executados por Alemparte fixeron que a empresa fora premiada en 1885 coas medallas de ouro e prata na Exposición Rexional de Santiago; e coa de prata e unha mención honorífica na de Pontevedra; participando tamén na mostra rexional de Lugo de 1896.

21 En *Galicia: revista semanal ilustrada*. Ano IV, nº 44, p. 6 de 28 de outubro de 1905.

O catálogo da fundición Alemparte

A documentación que chegou ás miñas mans da Fundición Alemparte está composta por follas soltas en papel cebola dun prego e de tamaño folio. Cada lámina, con anotacións manuscritas que indican o custe ou a dispoñibilidade, está encabezada polo título FUNDICIÓN DE HIERRO Y BRONCE DE ANTONIO ALEMPARTE - CARRIL e dedicada a unha tipoloxía, identificando os modelos cun número. A maiores, hai varios recortes en cartolina e *blueprints* dalgúns dos deseños.

Antepeitos

Son varandas que fan a función de parapetos ou peitorís pechando a parte inferior dun van. Na folla que manexamos, os modelos están numerados do 20 ao 28, polo que deben existir, como mínimo, dúas follas anteriores. Distínguense modelos clásicos, con profusa decoración vexetal e de volutas, e eclecticistas, máis sinxelos.

Na Estrada é habitual ver os antepeitos en fiestras ou en portas de aire intercalados con balcóns, polo que moitos dos modelos atopámolos tamén na sección de balcóns do catálogo.



Balaústres e pilastras de escaleira

Os balaústres son cada unha das pequenas columnas que forman as varandas das escaleiras unidos por un pasamáns; mentres que as pilastras son os piares exentos que se colocan a carón do primeiro e do último chanzo.



Do catálogo, dúas follas están dedicadas a balaústres e unha terceira aparece dividida entre balaústres e pilastras. No que se refire aos primeiros, amósanse 27 modelos con vistas frontais e/ou laterais, moitos formados por unha soa vara. En canto ás pilastras, están numeradas do 1 ao 12, correspondéndose as do interior de edificios como o da Farola ou o de A Esquina coa pilastra número 5 do catálogo.

Balcóns

Os balcóns son varandas que pechan as pequenas plataformas sobresaíntes cara a fóra dos ocos abertos nunha edificación. Na documentación que manexamos hai sete follas cun total de 53 modelos, dos que na Estrada identificamos varios, principalmente no casco urbano, en rúas como a Ulla e Calvo Sotelo.




FUNDICIÓN DE HIERRO Y BRONCE
DE
ANTONIO ALEMPARTE
CARRIL
22
23
24
25
26
BALCONES


FUNDICIÓN DE HIERRO Y BRONCE
DE
ANTONIO ALEMPARTE
CARRIL
36
37
38
39
40
41
42
43
BALCONES


FUNDICIÓN DE HIERRO Y BRONCE
DE
ANTONIO ALEMPARTE
CARRIL
27
28
29
30
31
32
33
34
35
BALCONES

Nos balcóns hai dúas tipoloxías: os rectos e os de *miriñaque*. Estes últimos toman o nome das saias avultadas que adoitaban vestirse no século XIX cunha armazón por debaixo. Os balcóns adoptan unha forma redondeada e realizábanse para que as mulleres non arrugaran as súas roupas, como no número 19 da praza da Farola ou no 6 da San Paio.

Entre os deseños, hai que diferenciar os que están formados por unha sucesión de barrotes de varias seccións ou de panos, algúns con bandas na parte superior e na inferior. No que se refire aos motivos decorativos, abundan os vexetais, as volutas, os arcos e os aneis, moitas veces en cadea ou entrelazados.

Sinalar tamén que algún dos modelos de balcóns atopámolos como balaústres de escaleiras ou como antepeitos.



Balcóns na praza da Feira.



Balcóns en Fernado Conde, 25.





Balcóns na Porta do Sol, na rúa Ulla e na travesía da Feira.



Balcóns na Porta do Sol.

Balcón de miriñaque personalizado na praza da Farola. No centro dos círculos decorativos pódese ler: D. JOSE TRIGO 1876.



Fernando Conde, 9.



Balcón na rúa Calvo Sotelo, 45.

Rúa Calvo Sotelo, 48.

Fernando Conde, 31.



Calvo Sotelo, 4.



Fernando Conde, 27.



Calvo Sotelo, 30.



Balcón na rúa Marqués de la Vega de Armijo.



Portas de aire na praza da Farola.

Columnas

Son elementos arquitectónicos verticais de sección circular que sosteñen unha estrutura. Adoitaban usarse en fachadas, en interiores como elementos sustentantes, en palcos, quioscos e en farois.

Da documentación do arquivo de Avelino Camba recuperamos unha folla con cinco modelos numerados do 10 ao 14. Todas teñen fuste estriado e capiteis vexetais con volutas e follas, radicando a principalmente diferenza estilística nos baseamentos.

Enreixados

Son elementos arquitectónicos empregados para o peche ou separación de diferentes recintos, xeralmente exteriores, tales como fincas, parques ou cemiterios. Do catálogo recuperamos unha folla con oito modelos.

Galerías

A galería é un elemento non estrutural que se acaroa aos muros dun edificio e se abre ao exterior. Está compostas por un peitoril na parte inferior, fiestras na central –xeralmente de guillotina– e unha banda decorativa de remate cun coroamento. A súa función é a de permitir o paso da luz e preservar a calor no interior. Tradicionalmente realizábanse con materiais liviáns como a madeira, incorporándose máis



tarde a fundición de ferro. Do catálogo de Alemparte temos dúas follas con catro modelos. Algúns deles pódense ver nos números 6, 8 e 10 da rúa Calvo Sotelo, así como na casa recentemente restaurada que fai esquina entre a rúa Don Nicolás e a de Vega de Armijo.


FUNDICION DE HIERRO Y BRONCE
DE
ANTONIO ALEMPARTE
CARRIL
1
2
3
4
5
6
7
8
VERJAS


FUNDICIÓN DE HIERRO Y BRONCE
DE
ANTONIO ALEMPARTE
CARRIL
1
2
GALERIAS

SARGADELOS


FUNDICIÓN DE HIERRO Y BRONCE
DE
ANTONIO ALEMPARTE
CARRIL
3
4
GALERIAS

Conclusión

O concello da Estrada atesoura un valioso catálogo ao aire libre de traballos de fundición artística. Un rico patrimonio espallado pola vila e polas aldeas que corre perigo de desaparecer. Así, moitos destes bens, principalmente os localizados en casas e edificios, estanse a perder debido á falta de conservación. As grandes cantidades de ferruxe que concentran levan, en moitos dos casos, á substitución por outros máis novos ou á perda por abandono. Influe tamén a especulación urbanística, desaparecendo cando se tira ou rehabilita unha vivenda. Un patrimonio material digno de ser conservado e que precisa dun inventario propio, poñendo en valor tanto á fundición Alemparte como outras que tamén deixaron o seu selo entre as que destacan Sanjurjo, Barreras, Pazó e La Turbina, de Marín.

Por outra banda, no que se refire ao casco urbano, sería precisa unha normativa que establecese tamaños, materiais e situacións de carteis publicitarios dos locais comerciais; así como regular a instalación de soportes ou cables, pois moitos dos elementos dos que vimos falando están tapados ou danados.

Bibliografía

GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio: *As varandas de ferro dos corredores e balcóns do Ribeiro*. Deputación de Ourense, 2008.

FILGUEIRA VALVERDE, Xosé: *Sargadelos*. Ediciós do Castro, 2004.

FRANCO GARCÍA, José: *Sargadelos y el pote gallego. Consideraciones técnicas*. Ediciós do Castro, 1994.

SALGADO, Fernando: *Comerciantes, fabricantes y banqueros*. Biblioteca Gallega, 2017.

SOTELO RESURRECCIÓN, Enrique: *Las fuentes de hierro pontevedresas*. Aquagest, 2010.

VÁZQUEZ VAAMONDE, María del Carmen: *La Metalurgia en Galicia de los siglos XVIII al XX: ferrerías, fundiciones y forjas*. Tese de doutoramento, 1995.

«Sargadelos - Carril - Santiago». Ediciós do Castro, 1994.